

# **PROBA DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO CURSO 2022.23**

## **1.- REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES.**

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos exixidos para acceder a eles (Título ESO ou Formación Profesional Básica) e teñan **dezasete anos ou os fagan no ano natural de celebración da proba.**

## **2.- ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA.**

A proba organízase en tres partes:

### **a) PARTE SOCIOLINGÜÍSTICA:**

- **Lingua Castelá.**
- **Lingua Galega.**
- **Ciencias Sociais.**

### **b) PARTE MATEMÁTICA:**

- **Matemáticas.**

### **c) PARTE CIENTÍFICO-TÉCNICA:**

- **Ciencias da natureza.**
- **Tecnoloxía.**

## **3.- DATAS E LUGARES DE INSCRICIÓN.**

- **Por vía electrónica**, a través do formulario normalizado de solicitude, anexo I (código de procedemento ED312C), dispoñible na aplicación informática “Ciclosprobas”.
- <https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>

O prazo de presentación de solicitudes estará abranguido entre os días 27 de febreiro ao 10 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos.

## **4.- REALIZACIÓN DA PROBA.**

A proba realizarase o 25 de maio de 2023, no seguinte horario:

- **Presentación: ás 9:00 horas.**

- **Partes matemática e sociolingüística da proba:** – Das 09:30 ás 13:30 horas (Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá e Ciencias sociais).
- **Parte científico-técnica da proba:** – Das 16:00 horas ás 18:00 horas (Ciencias da natureza e Tecnoloxía).

**As persoas inscritas deberán presentar, para a realización da proba, o seu documento oficial de identidade e a copia da folla da solicitude de inscrición.**

**O día 12 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicárase nos centros de inscrición e na páxina web [http://www.edu.xunta.gal /fp](http://www.edu.xunta.gal/fp).**

## **5.- CUALIFICACIÓNS.**

- **A lista provisoria de cualificacións farase pública o 5 de xuño.**
- Posteriormente ábrese un prazo de reclamación: 5 a 9 de xuño.
- **A relación definitiva de cualificacións farase pública o día 22 de xuño.**
- **Entrega de certificados nos centros a partir do 22 de xuño**

[Podedes atopar toda a información no seguinte enlace: https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual](https://www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual)